

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: IES DE QUIROGA
CURSO: 1º
MATERIA: ECONOMÍA
DEPARTAMENTO: ECONOMÍA
DATA: 8/5/20

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.
2. Avaliación e cualificación.
3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)
4. Información e publicidade.

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
Explicar e ilustrar con exemplos significativos as finalidades e función do estado nos sistemas de economía de mercado e identificar os principais instrumentos que utiliza, valorando as vantaxes e inconvenientes do seu papel na actividade económica	Comprende e explica as distintas función do Estado: fiscais, estabilizadoras, redistributivas, reguladoras e provedoras de bens e servizos públicos. Coñece os impostos máis importantes de España e distingue os que son directos e indirectos. Coñece o esquema da declaración do IRPF. Valora a incidencia sobre a distribución da renda, a equidade e o crecemento económico dos impostos, e sabe calcular e interpretar os datos de presión fiscal
Identificar os principais fallos do mercado, as súas causas e efectos para os axentes que interveñen na economía e as diferentes opcións de actuación por parte do Estado.	Valora a efectividade da política fiscal cara ao crecemento económico e como forma de abordar o ciclo económico. Entende as ferramentas que o Estado debe modificar para levar a cabo unha política fiscal expansiva ou unha política fiscal contractiva, e os efectos que unha e outra terían sobre os niveis de produción da economía
Recoñecer e analizar a procedencia das principais fontes de ingresos e gastos do Estado, e interpretar gráficos onde se amose esa distribución.	Identifica as vías de onde proceden os ingresos do Estado, así como as principais áreas dos gastos do Estado, e comenta as súas relación Analiza e interpreta datos e gráficos de contido económico relacionados cos ingresos e os gastos do Estado
Diferenciar e explicar os conceptos de débeda pública e déficit público.	Comprende e expresa as diferenzas entre os conceptos de débeda pública e déficit público, así como a relación que se produce entre eles.
Recoñecer o proceso de creación do diñeiro, os cambios no seu valor e a forma en que estes se miden	Analiza e explica o funcionamento do diñeiro e do sistema financeiro nunha economía
Describir as distintas teorías explicativas sobre as causas da inflación e os seus efectos sobre os consumidores, as empresas e o conxunto da economía.	Recoñece as causas da inflación e valora as súas repercusións económicas e sociais.
Estudar as diferentes opcións de políticas macroeconómicas para facer fronte a inflación e o desemprego.	Analiza os datos de inflación e desemprego en España e as diferentes alternativas para loitar contra o desemprego e a inflación
Explicar o funcionamento do sistema financeiro e coñecer as características dos seus principais produtos e mercados.	Valora o papel do sistema financeiro como elemento canalizador do aforro á inversión e identifica os produtos e mercados que o compoñen.
Analizar os fluxos comerciais entre dúas economías.	Comprende as vantaxes e inconvenientes derivados do comercio entre países. Identificar cales son as medidas proteccionistas máis utilizadas e xustifica os intercambios comerciais baseándose nas teorías da vantaxe absoluta e comparativa
Reflexionar sobre el impacto de crecemento e as crises cíclicas na economía e os seus efectos na calidade de vida das persoas, o medio ambiente e a distribución da riqueza a escala local e mundial.	Reflexiona sobre os problemas medio ambientais e a súa relación co impacto económico internacional analizando as posibilidades dun desenvolvemento sostible. Analiza as consecuencias sociais e de economía real para os cidadáns e os países da UE. Investiga que está a facer o BCE para axudar aos países nesta crise do COBI19
Valorar as repercusión e implicacións para España a súa pertenza a UE	Analiza as consecuencias sociais e de economía real para os cidadáns e os países da UE. Investiga que está a facer o BCE para axudar aos países nesta crise do COBI19
Describe as implicacións e efectos da globalización económica nos países e reflexiona sobre a necesidade da súa regulación e coordinación	Reflexiona sobre as consecuencias da globalización.. Investiga sobre a deslocalización Analiza o impacto sobre o crecemento da economía de esta crise do CIBI19 e os seus efectos na calidade de vida das persoa.

2. Avaliación e cualificación

Avaliación	<p>Procedementos: Traballo do alumnado a través dos medios que o alumnado poda utilizar: correo electrónico, whatsapp, aula virtual. Videoconferencias, 3-4 clases por semana.</p>
	<p>Instrumentos: Asistencia e participación nas videoconferencias (non se terá en conta si a falta de asistencia é por razón de non ter cobertura ou wifi ou estar xustificada...). Interese mostrado de cara a materia. Corrección das actividades que envíe o alumnado. Valorarase a entrega voluntaria de novas relacionadas co tema explicado</p>
Cualificación final	<p>Será o resultado da nota media das dúas primeiras avaliacións, sen redondeo. Engadirase ata un máximo de 1 punto a aquel alumnado que entregase todas as tarefas e noticias, e asista as videoconferencias (se lle é posible)</p>
Proba extraordinaria de setembro	<p>So hai unha alumna que de non recuperar a segunda avaliación iría a esta proba. Só tería que examinarse desa avaliación e faráselle a media como se indica na cualificación final.</p>
Alumnado de materia pendente	<p>Criterios de avaliación: NON EXISTEN ALUMNADO CON ESTA MATERIAS PENDENTE.</p>

	Criterios de cualificación:
	Procedementos e instrumentos de avaliación:

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

<p>Actividades</p>	<ul style="list-style-type: none"> - Seleccionarase materiais e recursos didácticos dos temas simplificados, diversos, variados e accesibles tanto no que se refire a contido como ao soporte - Elaboraranse tarefas que se lles enviará ao alumnado. De recuperación para unha alumna que ten unha avaliación suspensa e tarefas de ampliación dos novos temas para todos. - Enviaráselle ao alumnado vídeos e resumes que sirvan de apoio á comprensión dos temas e tarefas
<p>Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)</p>	<p><u>Todos o alumnado deste grupo ten conectividade polo que se dan 3-4 clases semanal por videoconferencia, mándaselles vídeos e tarefas, pola aula virtual ou whatsapp que se corríxen na próxima clase, pola aula virtual..</u> <u>Se lles falla a conectividade envíaselle un resumo para que entendan e poidan responder ás preguntas, se teñan dúbidas poden preguntarlles á profesora por calquera medio dos que dispoñan.</u></p> <ul style="list-style-type: none"> - <u>Nas videoconferencias empezárase por corrixir e resolver as dúbidas das tarefas que deberían traer resoltas, seguirase con unha exposición dos contidos do tema que se trate, aquí a profesora compartirá a súa pantalla na que parecerá o libro de texto, mapas conceptuais, esquemas, gráficos, datos... que a profesora irá explicando</u> - <u>Faranse análises e fomentárase a reflexión de noticias da actualidade económica que reforcen os contidos estudados</u> - <u>Realización de exercicios, test de repaso.. que a profesora corrixirá.</u>
<p>Materiais e recursos</p>	<p><u>Plataforma Ciscowebex, para videoconferencias</u> <u>A aula virtual do centro para subir material, tarefas e correccións, vídeos, artigos que se van actualizando a medida que se avanza na materia.</u> <u>Tamén se fai uso do correo electrónico e whatsapp para enviar e recibir traballos</u></p>

4. Información e publicidade

Información ao alumnado e ás familias	A través de whatsapp, da aula virtual, do correo electrónico e de videoconferencia Se o alumnado non responde informarase á xefatura de estudos para que se poña en contacto coa familia
Publicidade	Publicación obrigatoria na páxina web do centro.